



- 5.2 Os solicitantes deberán indicar no formulario de solicitud, no lugar indicado para ello, a bareación da documentación presentada, para posteriormente ser revisada pola Comisión de avaliación.

SEXTO.—DURACIÓN DAS BOLSAS.

- 6.1 As bolsas comezarán, en principio, o 15 de maio do ano 2014, rematando o 14 de maio do ano 2015.

SÉTIMO.—PRAZO RESOLUCIÓN E NOTIFICACIÓN.

- 7.1 O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento non poderá exceder de catro meses. O prazo computarase a partir da publicación da correspondente convocatoria.
- 7.2 A resolución do procedemento notificaráselle aos interesados de acordo co previsto no artigo 58 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común. A práctica de dita notificación ou publicación axustase á disposición contida no artigo 59 da citada Lei.

Vigo, 4 de Abril do 2014.—A Presidenta de OO.AA. Municipal Parque das Ciencias VIGO-ZOO, M^a Jesús Lago Rey.

2014003265

A N U N C I O

A presente modificación das bases para convocatoria de becas foi aprobada polo Consello de Administración do Organismo Autónomo Municipal Parque das Ciencias VigoZoo, en sesión de data 4 de Abril do 2014.

BASES XERAIS DE CONVOCATORIA DE BOLSAS PARA A REALIZACIÓN DAS ACTIVIDADES NO DEPARTAMENTO DE EDUCACIÓN AMBIENTAL DE VIGOZOO.

PRIMEIRA.—OBXECTO.

- 1.1 O obxecto das presentes Bases é regular a convocatoria de bolsas do OO.AA. Municipal Parque das Ciencias VigoZoo para a realización de actividades no Departamento de Educación Ambiental, e permanecerán en vigor en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación.

SEGUNDA.—NÚMERO.

- 2.1 O número de bolsas que se convoquen para a realización de actividades no Departamento de Educación Ambiental será o que se estableza en cada convocatoria.

TERCEIRA.—REQUISITOS DOS BOLSEIROS/AS.

3. Ademais dos requisitos establecidos no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións; para poder optar ás bolsas, os interesados/as deberán reunir, como mínimo, os seguintes requisitos:
- 3.1 Estar empadronados no Concello de Vigo.
- 3.2 Poderán optar ás bolsas de prácticas no Departamento de Educación Ambiental, os/as Licenciados e Diplomados de titulacións relacionadas con medioambiente, educación e turismo ou equivalentes.
- 3.3 A concesión das bolsas de actividades é incompatible con outras axudas simultáneas que concede o Organismo Autónomo VigoZoo e o Concello de Vigo de similar contido e alcance. Para a acreditación destes requisitos e dos méritos que aleguen os candidatos/as, deberán cumplir o especificado na base novena destas bases.



CUARTA.—DURACIÓN.

4.1 A duración das bolsas se especificará en cada convocatoria.

QUINTA.—DOTACIÓN DAS BOLSAS E ABOAMENTO.

5.1 A dotación das bolsas se establecerá en cada convocatoria. O importe da axuda será obxecto das correspondentes retencíons fiscais que procedan legalmente.

SEXTA.—NATUREZA XURÍDICA DA RELACIÓN.

6.1 A condición de bolseiro/a en virtude da convocatoria non supondrá ningún tipo de relación de carácter laboral ou contractual co Organismo Autónomo VigoZoo. Os titulares da beca serán única e exclusivamente beneficiarios dunha subvención para a formación de postgrao, sen que exista relación de servizos profesionais co Organismo. É dicir, trátase dunha disposición gratuita de fondos públicos, en forma de axuda económica, para fomentar unha actividade de utilidade pública como é a divulgación da educación medioambiental de marcada importancia na sociedade actual.

6.2 A concesión da bolsa dará lugar á inclusión dos bolseiros/as no Réxime Xeral da Seguridade Social de acordo co Real Decreto 1493/2011, de 24 de outubro.

6.3 Estas bolsas regularanse de acordo co previsto na Lei 38/2003 de 17 de novembro, Lei Xeral de Subvencións e na Lei 9/2007 do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

SÉTIMA.—CONTIDO DAS ACTIVIDADES A DESENVOLVER.

7.1 Consiste na xestión da reserva, desenvolvemento, realización e participación nas seguintes actividades:

7.1.1 Actividades divulgativas, lúdicas e de formación: visitas guiadas, campamentos, obradoiros, charlas, festas de aniversarios, concursos, audiovisuais, cursos, visitas externas e calqueira outra de nova creación que se desenvolva no departamento.

7.1.2 Actividades técnicas de deseño, investigación e mantemento:

- Realización, actualización e remodelación dos programas educativos existentes.
- Mantemento da páxina web corporativa de VigoZoo.
- Mantemento e renovación da cartelería existente no Parque.

7.1.3 Actividades de control:

- a) Cosupervisión con outras áreas de traballo do Plan de Calidade Turística do Zoo.
- b) Cosupervisión con outras áreas de traballo do Plan de Xestión Medioambiental do Zoo.

7.2 O labor do/a bolseiro/a será incompatible con calquera outra actividade non recollida no seu programa de actividades.

7.3 Os/as adxudicatarios/as das bolsas comprométense, ase mesmo, a entregar unha memoria das actividades realizadas ó finalizar o período da bolsa, así como os datos estadísticos recollidos diariamente durante o desenvolvemento da súa actividade. As actividades que os/as bolseiros/as puideran realizar durante o disfrute da bolsa de prácticas, así como a memoria final serán propiedade do Concello de Vigo, que se reserva o dereito da súa publicación e utilización.

7.4 Os titulares das bolsas que resulten adxudicatarios/as, asinarán un convenio de colaboración para o desenvolvemento da beca en cuestión. Ós/as bolseiros/as que o soliciten entregárselles un certificado conforme realizaron as actividades do programa.

OITAVA.—SOLICITUDE E PRAZO.

8.1 As solicitudes serán presentadas no Rexistro do Organismo Autónomo VigoZoo, dentro dos dez días hábiles seguintes á publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia. Poderán remitirse, asemade, ó Rexistro do OO.AA.VigoZoo, no prazo antes mencionado, en calquera das formas previstas na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.



8.2 A solicitude da bolsa implica o coñecemento e aceptación de todos os termos contidos nestas bases de convocatoria.

NOVENA.—ACREDITACIÓN DE REQUISITOS E MÉRITOS.

- 9.1 Os/as interesados deberán presentar as súas solicitudes no prazo fixado na convocatoria, acompañada da seguinte documentación, por orde:
- Impreso e formulario de solicitud no modelo oficial segundo o dispuesto na convocatoria.
 - Fotocopia cotexada, por ámbalas dúas caras, do DNI.
 - Declaración xurada de que non contan con outras axudas oficiais de similar contido e alcance e para o mesmo período.
 - Fotocopia compulsada do título ou do recibo do depósito do título.
 - Fotocopia compulsada de diplomas acreditativos de asistencia a cursos especializados en tarefas relacionadas co obxecto da baremación como figura na solicitude.
 - Volante ou xustificante de empadronamiento do Concello de Vigo.

DÉCIMA.—CRITERIOS DE AVALIACIÓN.

10.1 Titulación: ata un máximo de 5 puntos.

- | | |
|---------------------------------------|-------------|
| — Titulación superior en bioloxía | 3,50 puntos |
| — Titulación superior (agás bioloxía) | 3 puntos. |
| — Diplomatura: | 2 puntos. |

A puntuación das anteriores titulacións poderá acumularse ata un total de 5 puntos.

10.2 Cursos de formación: Os cursos deberán ter relación co contido das actividades ás que se refiren as becas. Ata un máximo de 5 puntos sen perxuízo do número deles que poidan baremar os aspirantes.

- | | |
|---|--------------|
| — Por cada curso recibido cunha duración superior a 100 horas: | 1 punto. |
| — Por cada curso recibido cunha duración entre 50 e 100 horas: | 0,50 puntos. |
| — Por participar no curso que anualmente imparte o Departamento de VigoZoo para a formación de bolseriros : | 0,50 puntos. |

10.2.1 Non se valorarán os cursos cunha duración inferior a 50 horas ou os que non acrediten debidamente o número de horas realizadas, agás do caso do impartido polo Departamento de Educación de VigoZoo.

10.3 Os candidatos que con arranxo ao anterior baremo teñan obtido as maiores puntuacións en número que supoñan o dobre das becas convocadas deberán pasar unha entrevista persoal coa Comisión de Avaliación que versará sobre os aspectos relacionados coas actividades obxecto da beca. Esta entrevista será puntuada con 5 puntos, e a puntuación obtida sumarase á acadada nos apartados de titulación e cursos de formación, para establecer a lista definitiva de admitidos por orde de puntuación.

DÉCIMA PRIMEIRA.—COMISIÓN DE AVALIACIÓN.

- A Comisión de Avaliación terá por obxecto valorar os méritos dos candidatos e efectuará a entrevista persoal prevista na base anterior. Contará coa seguinte composición: estará presidida pola Sra. Presidenta do Organismo Autónomo Vigo-Zoo ou membro do Consello de Administración en quien delegue; o Director de Régime Interior do Organismo, o Coordinador do Departamento de Educación Ambiental e actuará como Secretario, o Secretario do Organismo, que poderá delegar nun empregado administrativo do mesmo.
- Actuará como suplente do Director de Régime Interior, o Veterinario; e do Coordinador de Educación, o Conservador do parque.

**DÉCIMO SEGUNDA.—PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN.**

- 12.1 As solicitudes xunto coa documentación á que se refire a base novena, serán examinadas polo Conservador do Organismo que poderá requerir que se completen aquelas que contén con algún defecto, para o que se outorgará ó aspirante un prazo de 5 días.
- 12.2 A relación de aspirantes admitidos será aprobada pola Sra. Presidenta do Organismo e se publicará no Taboleiro de Anuncios do Organismo.
- 12.3 A documentación aportada polos aspirantes admitidos será valorada pola Comisión de Avaliación con arranxo ó baremo establecido na base décima. Finalizada a valoración, a Comisión de Avaliación citará aos aspirantes que con arranxo á referida base deben realizar a entrevista persoal.
- 12.4 Rematada dita entrevista, a Comisión trasladará ao Consello de Administración do Organismo, a relación de aspirantes por orde de puntuación propoñendo aqueles os que se lles concede a beca e quedando o resto como suplentes, por orde de puntuación, por baixas, vacantes, etc...
- 12.5 Á vista da proposta de resolución que formule o Director de Réxime Interior, o Consello de Administración resolverá a adxudicación das becas, de conformidade co establecido nesta convocatoria.
- 12.6 A devandita resolución esgota a vía administrativa e contra ela poderá interpoñerse recurso de reposición ante o mesmo órgano que o dictou, ou ser impugnada ante a xurisdicción contencioso-administrativa, de acordo co artigo 116 da lei 30/1992, de 26 de novembro.
- 12.7 A resolución do procedemento notificarase ós interesados de acordo co previsto no artigo 58 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.
- 12.8 A concesión da subvención notificarase persoalmente ós interesados/as nos domicilios consignados a estes efectos na solicitude. Os/as adxudicatarios/as están obrigados no prazo de cinco días naturais a comunicar o OO.AA. Vigo-Zoo a aceptación ou renuncia das bolsas por escrito.
- 12.9 No caso de aceptación, achegarase a esta certificación bancaria da conta onde se aboará a axuda de referencia ó titular da mesma. O pago efectuarase por mensualidades vencidas correspondendo a cada mensualidade a parte proporcional do importe total da bolsa. As cantidades correspondentes estarán suxeitas as retencións que procedan, de conformidade co establecido na Lei 35/2006 do 28 de novembro do Imposto sobre a Renda das Pessoas Físicas, e o seu Regulamento de desenvolvemento.
Para o pagamento, o/a responsable do seguimento das bolsas que se designe, remitirá por meses naturais (antes do día 10 do mes natural seguinte) a Intervención Xeral Municipal:
 - a) Certificación de asistencia ás actividades de formación dos beneficiarios da bolsa, en base ao seguimento que se levará a cabo a través das correspondentes sinaturas.
 - b) Informe das contias que se lle deben pagar aos beneficiarios da bolsa en función dos días de asistencia.O procedemento para o seu abono será, por anoloxía, o previsto nas vixentes bases de execución presupuestaria para o gasto de persoal, incorporándose isto na nómina única que se trámata mensualmente no Concello.
- 12.10 Se unha vez aceptada a beca, o adxudicatario renunciara a ela, deberá facelo de forma xustificada. En todo caso, se a renuncia se producise durante os quince primeiros días de disfrute da mesma, o beneficiario non terá dereito a percibir ningunha contía polo período traballado.
- 12.11 Se transcorridos cinco días non se fixese manifestación en ningún sentido, tal feito entenderase como renuncia á bolsa e esta concederase ó seguinte aspirante por orde de puntuación.



12.12 A relación das persoas que resulten designadas como bolseiros/as será publicada no Boletín Oficial da Provincia, en aplicación do artigo 18 da Lei Xeral de Subvencións, 38/2003.

DÉCIMO TERCEIRA.—INCUMPRIMENTO DAS OBRIGAS.

- 13.1 O Consello de Administración poderá anular as axudas concedidas, a proposta da Presidenta do Organismo, cando concorran calquera das seguintes circunstancias:
 - 13.1.1 O incumprimento de calquera das obrigas previstas nas bases desta convocatoria.
 - 13.1.2 Non comezar o desenvolvemento das actividades no prazo que se sinale.
 - 13.1.3 Non realizar as actividades previstas cun nivel de adicación satisfactorio.
 - 13.1.4 Fallas de puntualidade ou de asistencia non xustificadas que supoñan reiteración.
- 13.2. Previamente á anulación da axuda deberá concederse ó interesado, trámite de audiencia polo prazo de 10 días poñéndolle de manifesto as circunstancias que a aconsellan, para que no prazo indicado poida efectúa-las alegacións que estime oportunas.

DÉCIMO CUARTA.—CONTROL DE CUMPRIMENTO DO OBXECTO.

- 14.1 O control do cumprimento do obxecto, condicións e finalidade das becas concedidas efectuarase de conformidade co disposto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, coas presentes bases da convocatoria e coa Base 38ª das de Execución do Orzamento actualmente en vigor.
- 14.2 As becas estarán suxeitas ao réxime de infraccións e sancións que, en materia de subvencións, establece a devandita Lei.

DÉCIMO QUINTA.—LEXISLACIÓN APPLICABLE.

- 15 En todo o non recollido nestas bases lle será de aplicación directa a Lei 38/2003, de 17 de novembro.

Vigo, 4 de Abril do 2014.—A Presidenta do OO.AA. Municipal Parques das Cencias VIGO-ZOO, M^a Jesús Lago Rey.

2014003266

ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA

JUZGADOS DE LO SOCIAL

De Pontevedra

E D I C T O

Don Camilo José García Puertas Magariños, Secretario del Juzgado de lo Social número uno de Pontevedra.

Hago saber: Que por resolución dictada en el día de la fecha, en el proceso seguido a instancia de doña Ana Mary Fernández Guerra contra Cortes Derribos y Excavaciones, S.A., Áridos Ecológicos, S.L.U., Mutua Fremap, en reclamación por Seguridad Social, registrado con el número Seguridad Social 105/2011 se ha acordado, en cumplimiento de lo que dispone el artículo 59 de la LJS, citar a Cortes Derribos y Excavaciones, S.A., Áridos Ecológicos, S.L.U., en ignorado paradero, a fin de que comparezca en la Sala de Vistas de este Juzgado de lo Social uno, situado en c/ Rosalía de Castro 5-3^a planta, el día 14/10/2014 a las 10,45 horas, para la celebración de los actos de conciliación y en su caso Juicio, pudiendo comparecer personalmente o mediante persona legalmente apoderada, y que deberá acudir con todos los medios de prueba de que intente valerse, con la advertencia de que es única convocatoria y que dichos actos no se suspenderán por falta injustificada de asistencia.